ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Coordinación STEMbach na Facultade/Escola UVigo:	
Nome: María José Pérez Álvarez	
Enderezo electrónico: mjperez@uvigo.gal	Teléfono: 988 387093
Dirección do proxecto Uvigo:	
Nome: Elena Martínez Carballo	
Enderezo electrónico: elena.martinez@uvigo.gal	Teléfono: 988387067
Co-dirección do proxecto UVigo:	
Nome: Laura Gallego García	
Enderezo electrónico: laura-gallego.garcia@uvigo.gal	Teléfono: 988387067
Bienio	
Número de participantes (máx. 4)	

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

Título

O papel das vesículas extracelulares do leite materno no exposoma materno

Resumo

O leite materno é un biofluído dinámico que se recoñece como o único alimento capaz de satisfacer todas as necesidades dun recentemente nado macronutrientes (hidratos de carbono, proteínas, lípidos e lípidos e vitaminas), así como numerosos compostos bioactivos e elementos interactivos (factores de crecemento, hormonas, citoquinas, compostos antimicrobianos, así como vesículas extracelurares). Recentemente, tense descuberto que o leite materno é rico en exosomas (vesículas extracelulares cun diámetro de 30 a 150 nm), e que estes, á súa vez, conteñen miARNs implicados en procesos de regulación epixenética relacionados co desenvolvemento do sistema inmune, do metabólico e neurodesenvolvemento. Os exosomas son dirixidos ó seu tecido diana mediante un mecanismo de sinalización intercelular mediado por glicoproteínas presentes na súa membrana externa. Con todo, nos últimos anos diversos estudos mostraron a presenza de contaminantes orgánicos en leite materno. A importancia de atopar este tipo de compostos nunha matriz deste tipo radica nos maiores niveis de exposición aos lactantes durante períodos de tempo máis curtos.

Obxectivo

Caracterizar exosomas aillados de leite materno procedentes de nais donantes galegas ás catro semanas después de ter dado a luz.

Plan de traballo

1. Procura bibliográfica
2. Planificación e realización do experimento a desenvolver no laboratorio
3. Interpretación dos resultados, usando programas de tratamento de datos.
4. Escritura do informe